



Organiza:

Colabora:



unión comarcal de vigo

CONCELLERÍA
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA, EMPREGO
E PARTICIPACIÓN CIDADÁ



A CONTAMINACIÓN URBANA

22 de Marzo 11 HOTEL COIA.

AVDA. CASTELAO S/N. VIGO

Organiza:

Colabora:



unión comarcal de vigo

CONCELLERÍA
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA, EMPREGO
E PARTICIPACIÓN CIDADÁ



22 de Marzo de 2011 · HOTEL COIA · AVDA. CASTELAO S/N. VIGO

A contaminación atmosférica causa graves danos na saúde e no medio ambiente. Trátase dun problema cunha importante vertente local, pero tamén de magnitude global, xa que os contaminantes poden viaxar longas distancias. A orixe deste problema está sobre todo nas emisións orixinadas polo tráfico, que nas grandes cidades e as súas áreas metropolitanas pode adquirir dimensións preocupantes.

Os principais contaminantes son as partículas en suspensión, o ozono troposférico e o dióxido de nitróxeno, pero o máis prexudicial dos tres son as partículas en suspensión. Segundo os valores establecidos pola Directiva 2008/50/CE, máis de 6,4 millóns de persoas, un 14% da poboación española, respira aire contaminado. Pero se tomamos como referencia os valores recomendados da Organización Mundial da Saúde, con datos do 2009, a poboación galega que respirou aire contaminado é de 1.175.991 persoas, o que representou o 42,7% da poboación total. E a principal fonte de contaminación en áreas urbanas (onde vive a maior parte da poboación) é o tráfico.

CC OO leva tempo reclamando unha lei de mobilidade sostible que aposte polo transporte colectivo, con criterios de racionalidade. Esta norma ha de promover servizos útiles, rápidos e cómodos, establecer enlaces coas redes de transporte público para crear un sistema de mobilidade sostible que poña coto aos 123 millóns de desprazamentos en días laborais (Movilia, 2006) e á ausencia xeneralizada de transporte público.

Habería que garantir a accesibilidade aos centros de traballo para peóns e ciclistas en condicións de seguridade e sen obstáculos, promover o uso do coche compartido, a implantación do coche multiusuario de empresa e o uso da bicicleta.

As empresas han de subvencionar de forma negociada as accións positivas de utilización destes medios e o dereito ao transporte ha de materializarse no dereito ao título de transporte, de carácter persoal, que debe atinxir a todo o persoal. Cómpre incorporar a mobilidade in itinere e a accesibilidade ao centro de traballo na avaliación de riscos laborais, de forma que os plans de mobilidade sexan unha parte da prevención de riscos laborais.

Porén, ás portas das eleccións municipais e autonómicas, é difícil pensar que ninguén se atreva con políticas que, malia seren beneficiosas para a maioría, topan coa resistencia de intereses establecidos para boa parte da cidadanía. Por iso CC OO considera importante perseverar nestes debates como forma de sensibilización e non deixar que se culpe o empedrado, a meteoroloxía, etc., das consecuencias dos nosos actos —unha mobilidade insostible—, e esixelles ás distintas administracións que traten a contaminación do aire como un problema de saúde pública de primeira magnitude que non está a recibir a atención que debería, dado que a principal fonte de contaminación atmosférica nas nosas cidades e áreas metropolitanas é o tráfico, polo que calquera intento serio de mellorar a calidade do aire supón a diminución do uso do automóbil.

10.00 h. Presentación

D. Xosé Cameelle Romero
Secretario Xeral,
Unión Comarcal de CCOO de Vigo

Saúdo
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
Concelleiro de Promoción Económica,
Emprego e Participación Cidadá de
Vigo

10.30 h. Calidade do aire urbano

- *A calidade e problemas de incumprimento normativo*
- *Tráfico rodado urbano e mobilidade ó traballo*

Estratexias de mellora da calidade do aire urbano

- *Competencias Administrativas*
- *Calidade do aire urbano en España e extratexias de mellora.*
- *Experiencias Europeas e Españolas en Plans de Calidade do aire urbano.*
- *Aplicación de medidas anticontaminantes en transporte Público urbano.*

11.25 h. Coffe Break

11.50 h. Efectos da contaminación do aire na saúde.

RELATORES
D. Manuel Ferri
Responsable Departamento
Mobilidade Confederación Sindical
de CCOO

Dña. Ascensión Esteban
Responsable da Secretaría de Saúde
Laboral e Medio Ambiente Unión
Comarcal de CCOO de Vigo

13.00 h. Clausura

Presenta e Modera:

D. José Domato Lago
Responsable Saúde Laboral e Medio
Ambiente
Unión Comarcal de CCOO de Vigo

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome Apelidos

Sindicato Comarcal de Procedencia